

Criterios de corrección

PRIMEIRA PREGUNTA (2 valores)

Con esta pregunta preténdese avaliar a comprensión do texto e a capacidade que a/o candidata/o ten para sintetizalo, indicando o tema e unha reescrita que o condense. Terase en conta a súa capacidade expresiva e reflexiva.

SEGUNDA PREGUNTA (2 valores)

Preténdese valorar que o/a estudante coñeza o significado que ten no texto a palabra ou expresión indicada e que teña capacidade para explicar o seu significado. Non será válida a resposta cando só conteña tradución a outra lingua. O sinónimo, excepto que sexa pedido expresamente, será puntuado con metade da cualificación. 0'5 por resposta correcta.

TERCEIRA PREGUNTA (2 valores)

Con esta cuestión quérese avaliar a capacidade do/a estudante para elaborar un xuízo crítico, ben organizado e argumentado, sobre o asunto indicado. Preténdese observar igualmente a súa competencia para expresar eses xuízos nunha composición organizada e cunha expresión lingüística correcta e eficaz. Concederanse 2 puntos cando a redacción exprese con claridade as opinións, presente teses e argumentos de xeito ordenado, haxa boa organización e secuenciación lóxica, posúa unha estrutura progresiva e a expresión sexa fluída.

Concederanse 1,5 puntos cando a redacción presente algunha confusión, ambigüidade ou incongruencia na expresión, repetición de ideas -aínda que estean expostas con claridade-, haxa unha organización pouco ríxida do texto, os argumentos non estean ben ordenados e a expresión non sexa fluída.

Concederase 1 punto cando a redacción sexa deficiente, non se expresen con orde nin claridade as opinións, haxa pouca organización do contúdo, as ideas aparezan confusas e mal ligadas e a redacción non teña un secuenciamento lóxico.

Concederanse 0,5 puntos cando a redacción e a organización do texto sexan deficientes, haxa repeticións innecesarias, o texto non teña cohesión e resulte difícil a comprensión da intención comunicativa.

Non se concederán puntos cando a redacción sexa moi deficiente, non haxa organización do texto e as ideas aparezan dispersas e inconexas.

Un texto excesivamente breve, que non permita avaliar os aspectos indicados será tamén considerado insuficiente aos efectos da calificación e implicará unha puntuación máis baixa.

CUARTA PREGUNTA (2 valores)

Preténdese que o/a estudante mostre coñecementos, particularmente funcionais, de gramática e, máis

en concreto, de conxuncións, adverbios e expresións adverbiais. 0,25 por resposta correcta

QUINTA PERGUNTA (2 valores)

Opción A): Preténdese que o/a estudante mostre o seu coñecemento do tema proposto. Particularmente, deben ser focados aspectos da historia da lingua e/ou referirse á situación actual, da xeografía lingüística no primeiro caso, e a historia, estado, correntes e posibilidades de relación tratando aspectos culturais, sociais, políticos e/ou económicos, no segundo; no terceiro, víase a focaxe en aspetos da cultura salientábeis. Canto menos extensivo neste sentido, máis se exixirá o aprofundamento nos aspectos seleccionados.

Opción B): víase dar a oportunidade de presentar un maior coñecemento do uso práctico de aspectos gramaticais a través do uso de conxuncións ou adverbios.